

Revisión do catálogo de xacementos rupestres do concello de Porto do Son e posta en valor da estación da Gurita I, Porto do Son (A Coruña)

RAMÓN FÁBREGAS VALCARCE E ANDRÉS BONILLA RODRÍGUEZ

O presente resumo dá conta dos traballos realizados do 6 ao 20 de outubro de 2008 no concello de Porto do Son (A Coruña) coa finalidade de completar o inventario de gravados rupestres do termo municipal e iniciar a súa posta en valor.

Os devanditos traballois efectúáronse en virtude do convenio de colaboración entre a Consellería de Cultura e Deporte da Xunta de Galicia e o Concello de Porto do Son para investimentos en actividades de posta en valor do patrimonio arqueolóxico, asinado o 14 de maio de 2008.

O proxecto contemplou dous tipos de actuación:

- A realización dunha prospección intensiva sobre o fenómeno da arte rupestre no concello de Porto do Son, co fin de revisar e recatalogar os petróglifos deste concello que se recollen no Inventario da Dirección Xeral de Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia. Así mesmo, tentouse incrementar na medida do posible, o número de estacións coñecidas para así ampliar tamén o coñecemento sobre o patrimonio

artístico prehistórico sonense, co interese que isto presenta, non xa soamente desde un punto de vista científico, senón desde o propio interese pola conservación dos monumentos.

- A realización de traballos de limpeza, consolidación e posta en valor da estación de gravados rupestres da Gurita I (GA15071047), situada no lugar da Igrexa, parroquia de San Pedro de Baroña, no límite setentrional da Península do Barbanza. Este xacemento foi obxecto de traballos de limpeza, documentación e diagnose en novembro de 2007 e os labores efectuados en 2008 supuxeron a continuación da intervención anterior.

A revisión do catálogo de xacementos rupestres de Porto do Son permitiu tanto a avaliacián do estado de conservación das estacións do concello, como a súa mellor localización grazas ao uso do GPS submétrico. Ademais, os labores de campo permitiron incrementar o número de grabados coñecidos, que na actualidade xa superan os 150.

Na zona da Beira da Costa (Santo Estevo de Queiruga) localízáreronse unha serie de novas rochas con gravados, entre as que destacan O Castro e O Castro III, con representacións de zoomorfos combinados con cobiñas e O Castro IV, no que foron inscritas máis de setenta cruces sobre un panel que xa contina un motivo anterior de carácter prehistórico.

A prospección da área de Rego de Corzo-Outeiro Campelos (Santa María de Caamaño) permitiu o descubrimento dunha nova estación (Rego de Corzo VII) consistente nunha agrupación de covñas.

Na zona sur do monte Dordo (Basoñas), no lugar de Chan de Revolta, localizáronse tres novas estacións nas que os principais motivos son círculos concéntricos con coviña central, con coviñas e algúns trazos illados.

Os traballos nunha zona como a do contorno de Basoñas (San Pedro de Muro), achegaron tamén resultados destacados, sobre todo desde un punto de vista cualitativo. Nesta área localízase o petróglifo de Basoñas, un motivo de tipo Peña Tú-Outeiro do Corno dos que se coñecen só media ducia de exemplos na nosa comunidade. Os traballos de prospección nesta zona permitiron ademais, localizar un motivo circular a carón da Lagoa de San Pedro de Muro.

Pola súa parte, a actuación nos gravados da Gurita I, seguindo os criterios recollidos no estudo diagnóstico efectuado en 2007, corrixiu as afeccións que pesaban sobre o xacemento, acometendo as seguintes accións:



Áreas de prospección de especial interés



Vista xeral dos gravados da Gurita I ao final da intervención, arriba, e detalle, abaixo, unha vez rematada a intervención.

- Corte da touza existente no espazo exterior inmediato á rocha con gravados.

- Retirada mecánica dos depósitos superficiais e de sedimentación que cubrían as diáclases e o perímetro do afloamento.

- Eliminación mecánica en seco de plantas vasculares que medraron nas diáclases desde a intervención de 2007.

- Eliminación mecánica en seco de depósitos de briófitos (carrizas e hepáticas) que ocultaban os gravados e favorecían a retención da auga.

- Eliminación de líquenes epilíticos.

- Eliminación do depósito negro con aplicación dun biocida.

Nos labores de limpeza adoptouse o criterio de mínima intervención, polo que se estableceu como obxectivo principal a eliminación da sucidade máis daniña e deformante, mantendo un grao de colonización baixo pero que conserva os líquenes endolíticos que conforman a pátina da pedra.

Así mesmo, co fin de evitar o desplacamento de certas láminas de pedra a piques de desprenderse, practicouse unha actuación de adhesión/recheo das devanditas zonas, empregándose para a consolidación das placas un morteiro fluido de cal (PLM) entoadado coa rocha para os efectos de minimizar a súa presenza.

Os traballos na Gurita I completáronse co inicio da posta en valor da estación coa habilitación dun camiño de acceso mediante a roza manual da vexetación arbustiva nun ámbito de 8-10 m arredor dos gravados, así como a instalación dun panel explicativo e a sinalización desde a AC-550 ata a zona da Gurita. □